

PRÓLOGO

Xesús Alonso Montero

Nos momentos en que escribo este prólogo sae do prelo un libro en prosa de Antonio Tovar, desacougante para todos aqueles que, instalados no convencional, nunca teñan furado no círculo íntimo da súa intimidade. Titúlase esta radical instrospección —e este alegato contra as bandeiras convencionais— *Diario íntimo dun vello revoltado*. O presente poemario, que consta de 43 sonetos, titúlase *Cadáver adiado*, o que nos remite a un verso terrible de Fernando Pessoa: «cadáveres adiados que procriam».

O libro en prosa e o libro en verso, escritos, máis ou menos, nas mesmas datas, foron paridos baixo a mesma dura lousa existencial. Escritos por necesidade íntima, poucas páxinas definen mellor a angustia, o noxo e os medos dun ser humano. Son, por outra parte, páxinas de dura controversia co Ceo e coa Terra. Este sonetario, só apto para lectores con coraxe e de moi escasos prexuízos, foi escrito ó dictado estricto da necesidade. Cun minimum consciente de ideación e organización literaria, ese universo terrible de mágoas, de lembranzas dorosas e de negacións ía tomando forma baixo o imperio da

necesidade, de tal xeito que os versos que parecen máis escandalosos son, tamén, un exercicio de terapia.

Quizais non sexa este libro —tan natural, tan alleo a reelaboracións e retoques— un dos mellores poemarios de Antonio Tovar, autor que, desde hai moito, debería ocupar un posto sobranceiro e especial no mapa da poesía galega; autor que, tamén, reclama un posto relevante no mapa da poesía española, polo menos desde que publicou *El tren y las cosas* (1960), libro que Vicente Risco e Carlos Casares consideran digno desa relevancia. A crítica extragalega, en realidade, descoñece este e outros libros de Antonio Tovar (*El ladrido*, 1961; *La barca*, 1974...).

De Tovar, home de nula vida externa, pouco saben, moitas veces, nin os próximos. Por razóns que habería que contar e explicar —políticas algunhas— Antonio Tovar, un dos grandes poetas galegos das últimas catro décadas, non está presente —e, menos, rechamante— nos turreiros das celebracións e dos botafumeiros. Pero cando nos distanciamos de tanto balbordo, oímos —vimos oíndo desde hai tempo— voces que lles fan xustiza ós poemas de Antonio Tovar.

En 1963, un crítico tan severo como Ricardo Carballo Calero escribía:

O que a Tovar lle interesa, realmente, é o seu propio ser e o ser das cousas en canto irmáns do seu ser... A introversión de Tovar, a súa gramática austera, a súa seriedade, sitúano na liña de *Follas novas*. O seu comportamento é o mesmo de Rosalía. Ámbolos dous encáranse coa vida sin prexuício algún e coméntana con inteira espontaneidade. Din, nin máis nin menos, o que

lles peta. Esto chámase autenticidade. Si quen fala é poeta, poesía serán as súas palabras.

Un lector moi distinto, Álvaro Cunqueiro, opinaba catro anos despois, en 1967:

A cousa para min estaba moi crara dende aquel libro *Arredores* (1962) no que aparecía Antonio Tovar cunha poesía humana ás veces sobrecolledora... O linguaxe de Tovar é unha pel hipersensible, ceñida ó pensamento, luva da voz mesma... E todo *Non* (1967) é un libro extraordinario, grave e dooroso. Un dos meirandes poetas galegos do noso tempo.

Un crítico moito máis novo, Xavier Carro, afirmaba no ano 1970: "Antonio Tovar é, sen dúbida, o mellor poeta de hoxe".

Virían despois libros como *O vento no teu colo* (1975), *Calados esconxuros* (1980), *Berros en voz baixa* (1990) e *A nada destemida* (1991): libros nos que Tovar afonda no tipo de poesía humana que Cunqueiro calificaba de sobrecolledora. Completa este corpus o presente sonetario, *Cadáver adiado*, que, se, para algúns lectores, non está entre os mellores libros de Antonio Tovar, é xa unha peza coherente dun dos grandes universos poéticos creados por un escritor galego no século XX.

X. A. M.

Vigo, febreiro, 2001